Engadir actividades ou recursos creados manualmente

• Entrar na materia na que se queira engadir a actividade ou recurso creado manualmente (tes que repetir este paso cada vez que queiras engadir un recurso ou actividade

EDIXGAL	🖶 O A 👼 -
	 Administración Administración do materia Editar a configureción Activor a edición Susarios Informes
D'Anida (Temos da materia (Proticipantes Alinda non hei ningún recurso ou contido engadido ao de	Coulificacións Sinsignics Copia de seguronza Otropata Copia de seguronza Otropata
A continuación indicanse os pasos a seguir para a incorporació das editoriais ao cursa:	on dos contidos
Cusificacións Acceder, mediante as pestanas, a cada unha dos editoriais p contidos dispañibles. Administración do sitio Administración do sitio Administración do sitio Cusio académico, no pestana do editorial cora que traballo cusio académico, no pestana do editorial coraspondente, ho opeción Tedescianor Todoral Mingún e a continuación permer	para ver os Atopar recursos ará ao longo do Materia do catálogo oli que escolter a no botón Selecciona unha máteria \$

 Poderás modificar ou eliminar calquera recursos introducido usando a opción "editar" (1) ó lado de cada un deles. En Editar a configuración podes cambiar o contido da mesma.

٠.	🖬 🕂 😽 Foro de navas	1 Editor	- <u>R</u>	 Desactiva Usuarios Filtros
<	Novo título da sección	 Editar a configuración Mover cora à dereita 	un recurso	 Informes Cualifica
*	texto do resumo do sección	Agachar 2 Agachar 2	Editor *	> Insignias
	N.	요 Asignar roles ① Eliminar	un recurso	 Importar Restablect Banco de
		1	• •	📋 Papeleira (

- Podemos engadir:
 - actividades: son interactivas para o alumnado
 - recursos: son unidireccionais (recursos que sube o mestre para que vexa ou descargue o alumno)

Engadir unha "conversa"

Unha conversa é un "chat" no que poder facer comentarios "en tempo real". Estes comentarios non quedan almacenados cando se sae da mesma.



- Escollemos "conversa" entre as actividades
- Indica un nome para a conversa.
- Indica unha descrición
- Preme "gardar e volver á materia" ou "gardar e mostrar"

Engadir un "cuestionario"

Un cuestionario permite amosar ó alumno/a unha serie de preguntas (de diferentes tipos coas respectivas respostas para escoller, coas que pode interactuar. Recibirá unha reposta e cualifiación cos seus resultados, que o docente poderá ver en calquera momento.

É moi recomendable ter as preguntas previamente no "banco de preguntas", para poder escoller cales quremos introducir no cuestionario.

- Escollemos "cuestionario"
- Indicamos un nome para o cuestionario e unha descrición (opcional)
- En sincronización podemos indicar cando se abrirá e/ou pechará
- En deseño podemos decidir se as respostas aparecen sempre na orde que indiquemos ou as "baralle aleatoriamente cada vez"
- En comportamento da pregunta tamén podemos indicar se queremos que se barallen aleatoriamente en cada vez.
- Prememos GARDAR

Administración 🛛 🕂 🕸 🝷

Administración do

cuestionario

- configuración
- ••• Sobrescribir grupo
- ••• O usuario sobrescribe
- 🕸 Editar o cuestionario
- 🔁 Vista previa
 - > Resultados
- ••• Roles asignados localmente
- ••• Permisos
- ••• Comprobar permisos
- ••• Filtros
- ••• Rexistros
- ••• Copia de seguranza
- ••• Restaurar
 - > Banco de Preguntas

- Engadir unha actividade ou un recurso ACTIVIDADES A actividade do cuestionario permitelle a un profesor crear os cuestionarios que n 🔍 aulaPlaneta comprenden preguntas de varios tipos como a escolla múltipla, a coincidencia, a aulaPlaneta Caderno de resposta curta e a numérica. Estudo O profesor pode permitir que o cuestionario 🔿 👰 aulaPlaneta Caderno do se intente múltiplas veces, coas preguntas baralladas ou aleatoriamente seleccionadas profesor do banco de preguntas. Pode estabelecerse Base de datos un límite de tempo. Cada intento márcase automaticamente. Contido remoto agás as preguntas de ensaio, e a cualificación gárdase no libro de 🔿 🧔 Conversa cualificacións. 👩 ళ Cuestionario O profesor pode escoller cando e se as pistas, os comentarios e as respostas Enquisa correctas se lles amosarán ou non aos alumnos. 💡 Escolla Os cuestionarios pódense utilizar 🔿 🦂 Ferramenta Externa · Como exames de curso • Como minitests para tarefas de lectura ou 🔿 📢 Foro ao final dun tema 🔿 🖂 Glosario · Como práctica de exame que utiliza preguntas de exames pasados 🔿 🔁 Lección Para facer chegar comentarios inmediato sobre o rendemento Dara a walingió
- Podemos cambiar as características do cuestionario en calquera momento, entrando no cuestionario usando a opción "editar a configuración", unha vez escollido o cuestionario, no menú lateral dereito administración.
- Para engadir (eliminar) preguntas ó cuestionario desde o banco de preguntas, en calquera momento, deberemos escoller o cuestionario, e no menú administración elixir a opción "editar o cuestionario"
- Desde esta mesma opción (editar cuestionario) poderás tamén ordenar as preguntas que que teñas, paxinalas...

O banco de preguntas: meter as preguntas nun cuestionario

O banco de preguntas é lugar no que quedan almacenadas tódalas preguntas que creemos, que logo poderemos usar dentro dos cuestionarios que deseñemos.

No EVA o banco de preguntas **queda asociado a cada materia**, pero se queres usar as preguntas noutra, poderás usar a opción exportar e logo na materia nova importar. Esto tamén podes usalo para usar o banco de preguntas do EVA noutro moddle e viceversa. Podes tamén "importar" un cuestionario coas súas preguntas dunha materia a outra, pero só dentro do EVA.

• Escollemos "banco de preguntas", no menú administración e unha vez dentro poderemos xestionar tanto as preguntas que teñamos nel como engadir ou modificar as existentes.

• Tamén poderemos engadir un cuestionario que teñamos creado aquelas preguntas do banco que queiramos, para o que deberemos seguir estes pasos:

1. Escoller o cuestionario que teñamos creado.

2. Escoller a opción "editar o cuestionario" no menú lateral de administración.

Veremos ahí as preguntas que xa teñamos incluídas que poderemos ordenar e borrar.

Pregunt	tas:3	Este cuestionario está aberto	Cualificación máxima	10,00		Gardar	cuestionario
Repaxi	inar	Select multiple items		Total de	pur	ntuación: 3,00	Editar a configurac Sobrescribir grupo O usuario sobrescri
Dáu	den 1	🗆 Barallar		Ilar preguntas () (Q via		© Editar o cuestion Q Vista previa	
+	1	Cales son os amigos d	o polo Pepe? Cales son _	Q	Ū	1,00	> Resultados ••• Roles asignados
Pá)	dina 2					Engadir 👻	localmente
+	2	•• 🗐 O Polo Pepe existe? O F	olo Pepe existe?	Q	Û	1,00 🖉	••• Comprobar permis
Pāxina 3						Engadir 👻	*** Filtros
· ‡·			No Papa coma	0	17	100	*** Rexistros
++	3	Come o polo Pepe come o po	no repe come	~	~	1,000	

3. Para engadir unha pregunta desde o banco de preguntas deberemos escoller a opción "engadir" e escoller "desde o banco de preguntas". Tamén poderemos crear unha pregunta directamente desde ahí

Pá	xina 1			C	Engadir
+	1	🗍 🕸 Cales son os amigos do polo Pepe? Cale	① Engo	adir unha pregunta	
Pá:	xina 2		🕀 do b	anco de preguntas	
+	2	•• I O Polo Pepe existe? O Polo Pepe existe?	🗄 Engo	adir unha pregunta ale	atoria
Pá	xina 3				Engadir
÷	3	🗂 🖗 O polo Pepe come O polo Pepe come		Q Ü	1,00 🖉
					Engadir

4. Na nova pantalla "iremos engadindo" os preguntas que teñamos creadas no banco premendo so símbolo do + azul. (Na lapis podemos editala e na lupa previsualizala)

	Engadir do banco de preguntas á páxina 1 ×	Аап
ario: Q	Seleccionar unha categoría:	
rio está a	Predeterminado/a para: FORMEDIXOSCAR (11) 🗢	ar c
e items	A categoría predeterminada para preguntas compartidas no contexto 'FORMEDIXOSCAR'.	3,00 ·
	Opcións de busca 🔻	
	Amosar tamén preguntas de subcategorías	
	🗆 Amosar tamén as preguntas antigas	-
son os a	T Preganta	
	🕀 📋 Cales son os amigos do polo Pepe? Cales son os c 🍳	
	🕀 🗆 📳 Pregunta "ensaio" Como comeza o libro "Don Quijote 🍳	
Pepe ex	🕀 🗆 🏥 Pregunta de emparellamento Escolle a opción corr 🍳	
	🕀 📑 🔛 Que sabes do Polo Pepe? Que sabes do Polo Pepe? 🍳	•
Pepe cc	🕀 📑 De que cor é o Polo Pepe? De que cor é o Polo Pepe' 🍳	
	🕀 🗆 🗄 Opción múltiple cunha resposta - De que cor son 🍳	ŧ.
	🛨 📑 Opción múltiple con moitas respostas - Caracter 🍳	
	🕀 🗁 Resposta numérica Canto é 5+5 🛛 🧕	
	🕀 🗆 🗖 O cabalo branco de Santiago é O cabalo branco 🍳	
	🛨 🗖 🗖 O polo Pepe come O polo Pepe come 🍳	n
	(+) O Polo Pepe existe? O Polo Pepe existe?	
	Engadir preguntas seleccionadas á proba	

Engadir preguntas ó banco directamente no EVA

Lembra que podes organizar "categorías" dentro do banco de preguntas, para cada materia, por se queres organizalas para logo buscalas.

• Escollemos "banco de preguntas", no menú administración

(despregaranse novas opción do banco de preguntas):

- 1. categorías: Crear e elimina categorías
- 2. importar: "traer preguntas ó banco"
- 3. exportar: "levar as preguntas a outro banco"
- 4. recuperar de cursos pasados



- Dentro do banco de preguntas podemos:
- 1. A: Escoller unha categoría (se as temos creadas)
- 2. B: Crear unha pregunta (engadila ó banco)
- 3. C: Editar a pregunta.
- 4. D: Ver a pregunta (tal como a verá o alumno no cuestionario. Podes probrar aquí se funciona)
- 5. E: Borrar a pregunta.
- 6. F: Duplicar a pregunta do banco.

B: ENGADIR NOVAS PREGUNTAS:

Os tipos de preguntas que podes engadir son os seguintes:



Todas as preguntas permien indicar cal é a puntuación da resposta ou respostas e indicar uns "comentarios" ó alumno se a resposta e correcta ou non.

No caso das "Cloze" poden engadirse usando a icona coa interrogación "amarela" que aparece na caixa de texto, tamén dentro doutro tipo de preguntas.



O alumnado só pode utilizar estas preguntas cando se atopen "dentro dun cuestionario" que creemos dentro dalgunha sección.

Engadir preguntas ó banco desde unha plantilla odt

Ademais de poder crear as preguntas do banco de preguntas directamente deste o EVA, podes empregar unha plantilla en odt, para crear as preguntas e logo exportalas como GIFT e importalas no cuestionario no EVA.

- Descarga a plantilla en formato .odt e acepta os macros cando se abra (se non o pregunta avisará de que ten alomenos que estar fixada a seguridade de macros no nivel "medio"
- Podes descargar a plantilla en:
 - 1. <u>www.oscarabilleira.com</u> (apartado manuais > Edixgal)
 - 2. http://edu.xunta.es/centros/ceipcervinho
 - 3. <u>https://www.edu.xunta.gal/centros/zonapontevedrad6/aulavirtual2/</u> course/view.php?id=9
- Ó abrilo veremos un novo menú chamado "cuestionario" desde onde poderemos ir engadindo os diferentes cuestionarios.



 Recuperar de curs pasados

Ver resultados do cuestionario

Podes ver as respostas deixadas por cada alumno/a deixadas no cuestionario, coñecendo a hora en que a respostou, número de intentos, erros...

- Entra no teu cuestionario (como mestre/a) facendo click sobre o mesmo e escolle no menú lateral de administración a opción "Resultados", dentro poderemos ver as cualificacións da "autocorreción" que fai o cuestionario, ver as respotas dadas por cada alumno, os datos estatísticos e cualificar manualmente (o que permite modificar a cualificación calculada automáticamente)
- Escolle o alumno que introduciu as respostas e preme a opción "aínda non cualificado" ou ben sobre a nota que apareza, se é que xa a introduciches (e queres cambiala).

Administración

- Administración do cuestionario •••• Editar a configuración ••• Sobrescribir grupo ••• O usuario sobrescribe 🕸 Editar o cuestionario • Vista previa Resultados Cualificacións Respostas Estatísticas Cualificación manual ••• Roles asignados localmente ···· Permisos ••• Comprobar permisos ••• Filtros ••• Rexistros ••• Copia de seguranza ••• Restaurar > Banco de Preguntas
- Poderás ver as respostas deixadas por cada alumno/a a cada unha das preguntas. Na opción "facer u comentario ou substituír marca" podes deixar unha anotación que recibirá o alumno/a a cada pregunta, así como asignar manualmente unha nota a esa pregunta.



Engadir unha "escolla" (votación)

Permite amosar unha pregunta cunha serie de respostas, a modo de votación sen respostas correctas ou incorrectas.

- Escollemos a "escolla"
- Indicamos un nome e descrición (o que verá o alumno/a)
- Indicamos as diferentes opcións que queremos ofertar.
- Non hai respostas correctas ou incorrectas, é simplemente unha votación.

ACTIVIDADES O módulo Consulta permite ao profesor facer unha pregunta especificando as posibles respostas posibles. \n Os resultados da elección pode ser publicado despois que os estudantes respondesen, despois de certa data, ou non publicarse. Os resultados poden ser publicados, cos nomes dos estudantes ou de forma anónima. \n Unha Consulta pode utilizars \n * Para realizar unha enquisa rápida que estimule aos *alunmos a reflexionar sobre un tema \n * Para comprobar rapidamente que os estudantes votar algún aspecto relacionar co curso. Máis axuda
 Escolla Ferramenta Externa Foro Glosario Lección

Engadir un "foro"

Nun foro poden deixarse comentarios con respostas ós mesmos, quedando gardados para o futuro, á diferencia das conversas.

- Escollemos o "foro"
- Escribimos un nome
- Indicamos unha descrición (será o que vexa o alumno)
- Cada alumno/a ou mestres poderá iniciar "discusións"
- Cada alumno/a ou mestres poderá responder ás "discusións" propostas



O módulo de actividade do foro actívalles aos participantes a posibilidade de teren discusións asíncronas p. ex. discusións que teñen lugar nun un período estendido de

X

Hai varios tipos de foro para escoller, como un foro estándar onde calquera pode comezar unha discusión nova en calquera momento; un foro onde cada alumno pode comentar exactamente unha discusión; ou un foro de pregunta e resposta onde os alumnos teñen primeiro que facer un comentario antes de seren quen de veren os correos doutros alumnos. Un profesor pode permitir anexar ficheiros a comentarios do foro. As imaxes anexas preséntanse no comentario do foro.

Os participantes poden subscribirse a un foro para recibir notificacións de novos comentarios no foro. Un profesor pode estabelecer o modo de subscrición como opcional, forzado ou automático ou prohibir a subscrición completamente. Se for requirido, aos alumnos pode bloqueárselles comentar máis dun determinado número de comentarios nun período de tempo dado; isto pode evitar que determinados individuos dominen as discusións.

Engadir un "glosario"

Un glosario é un dicionario de definicións, no que o alumnado pode engadir palabras coa súa definición. Pode ir completándose co vocabulario que se desexe ó longo do tempo. Tamén se poden engadir imaxes ou outro tipo de arquivo descargable con cada termo e definición.

- Escollemos o "glosario"
- Escribe un nome (título do glosario)
- Escribe unha descrición (o que verá o alumno/a)
- Cada alumno/a pode engadir termos coa súa definición.
- Cada alumno/a pode modificar as definicións introducidas.
- Pode engadirse unha imaxe ou calquera outro tipo de arquivo a cada termo.

Engadir unha	actividade ou un recurso
aulaPlaneta Caderno de Estudo	O módulo de actividade glosario activa para os participantes unha lista de definicións,
🔿 📴 aulaPlaneta Caderno do	recursos ou información.
profesor	Un profesor pode permitir anexar ficheiros entradas do glosario. As imaxes anexas preséntanse na entrada. As entradas poder
🔿 ี Contido remoto	ser buscadas ou vistas por orde alfabética
🔿 🧔 Conversa	poden ser aprobadas de modo
Cuestionario	predeterminado ou requirir aprobacion por parte dun profesor antes de seren visíbeis
Enquisa	para todo o mundo.
Scolla	activo, as entradas estarán
🔿 🛃 Ferramenta Externa	automaticamente ligadas cando os termos e/ou as frase aparezan no transcurso da materia
🔿 📮 Foro	Un profesor pode permitir comentarios en
o Mosario	entradas. As entradas tamén poden ser valoradas por profesores ou alumnos
Ección	(avaliación por pares). Os índices de
O 📕 Paquete SCORM	conformar unha cualificación final que se recolle no libro de cualificacións.
SCORM/AICC Remoto	Os glosarios teñen moitos usos, tales com
	Inha hase de dates de termos claves

Engadir un "paquete SCORM"

Un paquete SCORM é un conxunto de recursos deseñados para Moodle (plataforma na que está feita o EVA). Con esta opción poderemos "cargalo" desde outra aula virtual.

No EVA emprégase tamén para cargar o que se cree coa "ferramenta de autor", que e empaqueta como SCORM para logo poder engadilo nunha sección..

Escollemos o "Scorm"

Engac	dir unha actividade ou un recurso
🔿 🏂 Contido remoto	Un paquete SCORM é un conxunto de
🔿 🧔 Conversa	norma acordada para os obxectos de
🔿 🗹 Cuestionario	aprendizaxe. O módulo de actividade SCORM activa os paquetes SCORM ou
C Enquisa	AICC para seren cargados como un ficheiro zip e engadilos a unha materia.
Scolla	O contido amosase normalmente en varias páxinas, con navegación entre as páxinas.
🔿 🦂 Ferramenta Externa	Hai varias opcións para ver o contido nunha xanela emerxente, cun índice, con botóns
O Foro	navegación, etc. As actividades SCORM
Glosario	cualificacións que se rexistran no libro de
	As actividades de SCORM pódense utilizar
Paquete SCORM	 Para a presentación de contidos multimedia e animacións
SCORM/AICC Remo	Como unha ferramenta de avaliación
Smart ClassRoom	Máis axuda
Tarefa	
• 🖤 Wiki	
Xogos	
	Engadir Cancelar

• Subimos o paquete SCORM á sesión.

Engadir unha "tarefa"

Unha tarefa (no EVA) é unha actividade na cal se pide ó alumnado que entregue un traballo sobre un tema que se plantexe.

Este traballo pode pedirse que se entregue nun arquivo (por exemplo pdf), ou que o escriba directamente nunha caixa de texto.

- Escollemos "tarefa"
- Poñemos un nome, e unha descrición (que será o que vexa o alumno)
- Podemos establecer un prazo de entrega
- Tipos de entrega:
 - 1. En liña: escribe directamente
 - 2. En arquivo: pide que se suba un arquivo co traballo pedido.
- Entrando na "tarefa" como • mestre/a, no apartado "ver e cualificar as entregas", podemos corrixir o que nos entregaron.

Engadir	Cancelar
Cartafol	no libro de cualificació
RECURSOS	método avanzado de o unha rúbrica. A cualifio
O Imaxe Oculta	orais. As tarefas poder utilizando unha escala
O Serpes e Escadas	como a puntuación de alumnos con comenta
🔿 Sudoku	deixar comentarios e s
O Millonario	Ao revisar as tarefas, o
Cryptex	enviar, traballar individ
Encrucillado	como deseños, así cor requiren contido dixital
 Aforcado 	completar sen estar er
Xogos	tamén se pode utilizar alumnos do «mundo re
🔿 🗰 wiki	pode requirir que os al directamente no editor
💿 壘 Tarefa	Alternativamente, ou e
🔿 🤽 Taller	tratados co procesado cálculo, imaxes, ou au
Smart ClassRoom	Os alumnos poden en dixital (ficheiros), tales
SCORM/AICC Remoto	comentarios.
O 📕 Paquete SCORM	a un profesor comunic
🔿 🛅 Lección	A módulo de actividad
Engadir unha a	ctividade ou un recurso

vidade da tarefa permítelle nunicar tarefas, recoller er cualificacións e

X

en enviar calquera contido tales como documentos esador de texto, follas de ou audio e videoclips. ou en adición, a tarefa os alumnos escriban texto editor de texto. Unha tarefa ilizar para lembrarlles aos ndo real» tarefas que deben tar en conexión, tales sí como aqueles que non dixital. Os alumnos poden idividualmente ou como ipo.

fas, os profesores poden os e subir ficheiros, tales ón de entregas dos nentarios ou comentarios oden ser cualificadas scala numérica ou un un de cualificación como ualificación final gárdase cacións.

- Poderemos escribir comentarios con cada entrega, que o alumno/a ٠ recibirá. O alumno/a tamén pode deixar comentarios cando o entrega.
- Se nos entregaron un arquivo en "pdf" poderemos corrixilo directamente sobre o arquivo, devolvéndollo corrixido.

Como devolver unha tarefa corrixida, pero que non estea pdf?

Se queremos "devolver" un arquivo como resposta, por exemplo, si enviou un documento en odt (lembra que nos pdf directamente xa o recibirá corrixido), deberemos escoller opción "tipos de reatroalimentación" > "ficheiros de comentarios".

Tipos de Comentarios 🖉 Contación PDF 🔄 Folta de cualificacións sen canesió retradimentación 🥴 Ficheiros de comentarios 🕄
Comunitar en liña di Non e
Configuración de entregas
Configuración de entrega por equipos
Notificacións
L Cualificación

Deste xeito cando corrixamos a tarefa poderemos devolverlle "calquera arquivo", por exemplo, o que nos enviou pero corrixido. Teremos que subilo no apartado "ficheiros de comentarios"



Engadir "xogos"

Existen unha serie de xogos que poden engadirse en cada sección.

• Escollemos o xogo que queiramos e seguimos as instrucións

Engadir un	ha actividade ou un recurso
Paquete SCORM	O xogo da imaxe oculta mostra unha parte
SCORM/AICC Remoto	dunha imaxe por cada pregunta que o
	alumno responde correctamente. Cada
Smart ClassRoom	número na pantalla do xogo mostra ao
0	alumno unha pregunta, de xeito que cando
🔿 🌌 Taller	o alumno responde correctamente o número
	substituirase por unha parte da imaxe.
lareia	
Wiki	
See Xogos	
Aforcado	
Encrucillado	
Cryptex	
Millonario	
O WINGHARD	
O Sudoku	
Serpes e Escadas	
Imaxe Oculta	
RECURSOS	
Cartafal	
Cartaion	
🔿 🦺 Contido de paquete IMS	
Engl	adir Cancelar

Engadir unha "enquisa"

Son unha serie de rúbricas precargadas para a avaliación do traballo docente.

- Escollemos a "enquisa"
- Non poderemos modificar o contido das preguntas nin respostas



Engadir un "cartafol"

Podemos crear un cartafol e dentro del introducir diferentes documentos descargables para o alumno/a

- Escollemos "cartafol"
- Indicamos un nome e unha descrición
- Poderemos subir os arquivos que queiramos para descargalos dentro del.

Wiki		
Xogos Aforcado	O recurso Cartafol permite ao pro mostrar un grupo de arquivos rela dentro dun único cartafol. Pódese arquivo comprimido (zio) que se	fesor Icionados e subir un
O Encrucillado	descomprimirá (unzip) posteriorm	ente para
O Cryptex	un cartafol baleiro e subir os arqu	ivos dentro
O Millonario	dela. \n Un cartafol pódese usar p Agrupar unha serie de documento	oara: \n * os sobre
🔘 Sudoku	un tema, por exemplo, un conxun exames doutros anos en formato	ito de odf. ou
O Serpes e Escadas	unha colección de arquivos para	crear un
O Imaxe Oculta	estudantes. \n * Crear un espazo	de subida
RECURSOS	de arquivos compartido entre os do curso (deberíase ocultar o #ca	profesores rtafol aos
💿 🚞 Cartafol	alumnos para que o vexan só os p	profesores
🔿 🃥 Contido de paquete IMS	1 Máis axuda	
🔿 🛷 Etiqueta		
🔿 📄 Ficheiro		
🔿 📕 Libro		
🔿 📄 Páxina		

Ficheiros		
	▶ 🚞 Ficheiros	
	Captura de pantalla modelo_completo_p 2019-10-27 a las xa.odt	
Presentar os contidos do cartafol 👔	Nunha páxina separada	
Amosar subcartafoles despregados		

Engadir unha "etiqueta"

Unha etiqueta é un texto (que podes conter imaxes, vídeos, audios...) que se escribe directamente nunha sección.

Este texto pode verse desde a sección directamente sen ter que entrar nela

- Escollemos "etiqueta"
- Na caixa de texto que aparece poderemos engadir:
 - 1. textos enriquecidos
 - 2. vídeos
 - 3. imaxes

•	Podes despregar tódalas ferramentas de
	"edición" dispoñibles premendo neste botón
	(frecha A)

Engadir unna	actividade ou un recurso	1.5
Wike Xogos Atorcado Encrucillado Cryptex Millonario Sudoku Serpes e Escadas Imaxe Oculta ECURSOS Cartafol Cartafol Contido de paquete IMS Contido de paquete IMS Etiqueta	O módulo etiqueta permite inserir tex elementos mutilimadia nas páxinas de entre as ligazóns a outros recursos e actividades. As etiquetas son mol vei e poden axudar a mellorar a apareno curso se se usan coldadosamente. V etiquetas poden ser utilizadas 'n * Par dividir unha longa lista de actividades subtitulo ou unha imaxe 'n * Para visi un arquivo de son ou video incrustad directamente na páxina do curso 'n * engadir unha breve descríción dunha sección do curso Máis axuda	to e o curso ia dun n As ara s cun ualizar lo Para t
Ficheiro		
Libro		
Definition Definition Definition		



- Engadir imaxe (frecha C)
- Engadir audio desde o ordenador (frecha D)

- Engadir elementos embedidos (frecha C). Editor html. Por exemplo para incluír un vídeo de youtube que se amose directamente na sección.

Incluír un vídeo de youtube "nunha etiqueta ou páxina"

Podemos incluír un vídeo de youtube nunha etiqueta de modo que se vexa directamente.

Outra opción alternativa sería incluílo como unha ligazón (url), pero nese caso abriríase nunha ventá nova e non dentro do tema.

 Escollemos o vídeo de youtube (ou outro servizo de vídeo) e prememos no botón compartir



 Agora poderemos copiar ben a url (A) ou código para inserir ou embedir (B) non noso caso caso escollemos inserir

Compartir	
Inse Insertar acebook Twitter Blog	iger Tumblr reddit
https://youtu.be/eYCtrRi39wk	COPIAR
Empezar en 0:04	A



 Na etiqueta ou páxina da sección que sexa, escollemos o botón "editar HTML" (frecha B)



 Pegamos o código no lugar que queiramos que apareza (sen borrar o que xa hai escrito). Prememos actualizar e xa poderemos ver o vídeo inserido, tan só haberá que gardar os cambios para que sexa visible.



Engadir un "ficheiro"

Podemos subir un ficheiro (arquivo) que o alumno poida descargar. Podemos xuntar varios arquivos amosados dentro dun cartafol (ver mini guía correspondente.

- Escollemos "ficheiro"
- Escribimos un nome e unha descrición.
- Subimos o ficheiro arrastrándoo a caixa e gardamos os cambios.
- Tódolos ficheiros que vaiamos subindo quedan gardados e poden ser utilizados en calquera sección.

Engadir unha	actividade ou un recurso
Wiki Wiki Xogos Aforcado Encrucillado Cryptex Millonario Sudoku Serpes e Escadas	O módulo Ficheiro permitelles aos profesores fornecer un ficheiro como un recurso da materia. Cando sexa posibel, o ficheiro presentarase dentro da interface da materia; se non é o caso, preguntaráselles aos alumnos se queren descargalo. O ficheiro pode incluír ficheiros auxiliares, por exemplo, unha páxina HTML pode ter integradas imaxes ou obxectos Flash. Vexa que os alumnos precisan dispor do software axeitado nos seus computadores persoais para poder abrir os ficheiros.
	 Un ficheiro pode utilizarse para Compartir presentacións dadas na clase Incluír un minisitio web como recurso do curso Fornecer os alumnos con ficheiros en borrador de certos programas de software
 Etiqueta Ficheiro Libro 	(p.ex. Photoshop .psd) para que os alumnos poidan editalos e envialos para avaliación Máis axuda
 Páxina O URL 	

Engadir unha "páxina"

Podemos facer o mesmo que se amosaba nunha etiqueta (texto, vídeo, imaxes, audio...) pero de forma que se abra nunha nova venta. Para elo crearemos unha páxina.

- Escollemos "páxina"
- Indicamos un nome e unha descrición
- Na caixa de texto que aparece poderemos engadir:
 - 1. textos enriquecidos
 - 2. vídeos
 - 3. imaxes
- Podes despregar tódalas ferramentas de "edición" dispoñibles premendo neste botón (frecha A)

Engadir uni	ha actividade ou un recurso
Wiki Xogos Aforcado Encrucillado Cryptex Millonario Sudoku Serpes e Escadas Imaxe Oculta Ecuratol Cartafol Cartafol Ficheiro Ficheiro Libro Páxina VIRL	Ô recurso Páxina permite aos profesores crear unha páxina web mediante o editor de textos. Unha Páxina pode mostrar texto, inaxes, son, video, enlaces web e código incrustado (por exemplo os mapas de Google) entre outros. Yn Entre as vantaxes de utilizar o recurso Páxina en lugar do recurso fais accesible (por exemplo, para usuarios de dispositivos móbiles) e de máis fácil actualización. Yn Unha páxina pode ser ondicións dun curso ou o programa da materia \n 'Para incrustar varios videos ou arquivos de son, xunto cun texto explicativa.



- Engadir imaxe (frecha C)
- Engadir audio desde o ordenador (frecha D)

- Engadir elementos embedidos (frecha C). Editor html. Por exemplo para incluír un vídeo de youtube que se amose directamente na páxina.

Engadir un "libro"

Un libro é un conxunto de páxinas creadas organizadas por capítulos, que poden abrirse directamente desde unha sección.

- Escollemos "libro"
- Indicamos un nome e unha descrición.
- Poderemos crear tantos capítulos como queiramos.
- Dentro de cada capítulo haberá unha única páxina (que crearemos usando a caixa de texto explicada na guía de creación de páxinas)
- Poderemos tamén engadir subcapitulos dentro de cada capítulo.

Engadir unha	actividade ou un recurso			
○ 罅 wiki:	O médulo de libro permitette a un protecor			
🚟 Xogos	o modulo de libro permiteite a un protesor crear un recurso multipáxina en formato			
Aforcado Encrucillado	semerante a un sono, con capitulos e subcapítulos. Os libros poden conter ficheiros multimedia así como texto e son prácticos por execentes locors pasos de			
O Millonario	seccions.			
Sudoku	Para consentre material de lectura para			
O Serpes e Escadas	módulos individuais de estudo			
Imaxe Oculta	 Gomo un manual de persoal de departamento 			
RECURSOS	 Como un modo de presentar un cartafol de traballo de alumno. 			
🔿 🛄 Cartafol	() Mām axuda			
🔿 💑 Contido de paquete IMS				
🔿 🎸 Etiqueta				
🔿 🛄 Ficheiro				
💿 📕 Libro				
Páxina				
O 🔊 URL				

 No menú lateral, cando teñamos entrado no libro, poderemos xestionar os capítulos e páxinas: engadilos, movelos, editalos, borralos...

ibro de exemplo	Táboa de contidos
	↓ 1 titulo capitulo 1 ↓ 2 ③ ● +
1 título conitulo 1	
i titulo capitulo i	
páxina 1 do capítulo 1	
dfasdf	Atopar recursos 🗉
asd	\$ \$-
1	Materia do catálogo
asd	5EP – Lingua Galega e Literatur 🔒
fasd	a
	Cambiar

Engadir unha "URL"

Unha URL é unha ligazón a unha páxina de internet, que aparecerá na sección. Poderemos escoller se se abre nunha nova ventá ou na mesma.

- Escollemos "URL"
- Indicamos o nome e a descrición.
- Pegamos a URL que queiramos enlazar
- Escollemos en "apariencia" como queremos que se abra.

Presentar a descrición na páxina da materia	
• Contido	
URL externo*	http://www.recursoseducativos Escolia unha ligazón
• Aparencia	
Presentar 😧	Automático
Anchura da ventá emerxente (en pixels)	620
Altura da ventá emerxente (en pixels)	450
Presentar a descrición do URL	
Variábeis no URL	
Configuración común do	módulo

〇 副離 Wiki	O médula HBL permitelle a un professor
🚟 Xogos	formecer unha ligazón web como un recurso
O Aforcado	dispoñibel en liña, tal como documentos ou
C Encrucillado	imaxes, poden ligarse; o URL non ten que ser a páxina inicial dun sistio web. O URL
O Cryptex	dunha páxina particular pode ser copiado e
O Millonario	selector de ficheiros e escoller unha ligazón
Sudoku	dun repositorio tipo Flickr, YouTube ou Wikimedia (segundo que repositorios estes
🔿 Serpes e Escadas	activados para o sitio).
Imaxe Oculta	Hai un certo número de opcións de
RECURSOS	aberta nunha nova xanela, por exemplo, e
Cartafol	opcións avanzadas para pasar información, tales como un nome de alumno, ao UBL se
Contido de paquete IMS	fose necesario.
	Vexa que os URL tamén poden engadirse a
endnors	a través do editor de texto.
Ficheiro	() Máis couda
🔿 📕 Libro	
🔿 🗎 Páxina	
💿 🐻 URL	
Engad	Caprolar

EV 11

 Conseguimos a url copiando o que apareza na barra do navegador, para poder pegala no campo "url externo".

	•	$\langle \rangle$			6		ecursoseducativ	vos.net		C)	
:	 APP	o desarrollo 🗸	good notes beta entrada « oscarabillei	qnap 🗸 ira.com — V	web repositorio	pedro antonio cerviño web	dispositivos apple ón Edixgal PFPP 19-2	WhatsApp Web 20 - CEIP Pedro An	TokApp School Itonio Cerviño	Club DS España	
									in 🔁	iicio 🕑 ac	:0